

Repaso: ANÁLISE MORFOLÓXICA DE SUBSTANTIVOS E ADXECTIVOS

Os substantivos e os adxectivos caracterízanse por posuír os seguintes compoñentes:

- ☐ **Raíz ou Lexema:** é a base invariable que achega o significado léxico.
- ☐ **Morfemas flexivos:** indican o xénero e o número do substantivo e do adxectivo.
- ☐ **Morfemas derivativos:**
 - **Prefixos:** morfemas que se antepoñen á raíz para formar palabras novas, cun novo significado.
 - **Sufixos:** morfemas que se pospoñen á raíz para formar palabras novas.
 - Un tipo especial de sufixos son os diminutivos, aumentativos e despectivos

Atendendo aos compoñentes que presenten o substantivo e o adxectivo, podemos clasificalos en:

- ☐ **Simples:** presentan unha raíz e morfemas flexivos.
- ☐ **Derivados:** presentan raíz, morfemas flexivos e morfemas derivativos.
- ☐ **Compostos:** presentan dúas raíces.

Exemplos:

	café	libro	amiga	gris	listas	lentos
Palabras simples	café → raíz	libro → raíz	amig- → raíz -a → morfema flexivo de xénero	gris → raíz	list- → raíz -a- → morfema flexivo de xénero -s → morfema flexivo de número	lent- → raíz -o- → morfema flexivo de xénero -s → morfema flexivo de número
Palabras derivadas	cafe → raíz -iño → morfema derivativo - sufixo diminutivo	libr- → raíz -eir- → morfema derivativo sufixo -a → morfema flexivo de xénero	amig- → raíz -az- → morfema derivativo - sufixo aumentativo -o- → morfema flexivo de xénero -s → morfema flexivo de número	sol- → raíz -ead- → morfema derivativo sufixo -o → morfema flexivo de xénero	ris- → raíz -eir- → morfema derivativo sufixo -a- → morfema flexivo de xénero -s → morfema flexivo de número	xeni- → raíz -ud- → morfema derivativo sufixo -o- → morfema flexivo de xénero -s → morfema flexivo de número
Palabras compostas	xira- → raíz -sol → raíz	chucha- → raíz -mel → raíz -es → morfema flexivo de numero	para- → raíz -augu- → raíz -eir- → morfema derivativo sufixo -o- → morfema flexivo de xénero	papa- → raíz -mosca- → raíz -s → morfema flexivo de número	fuxe- → raíz -fuxe → raíz	branqui- → raíz -azu- → raíz -is → morfema flexivo de número